



SINOPSE DO ESPECTÁCULO

NA META. (Sálvese quen poida) é unha comedia negra sobre o éxito e o fracaso. Unha revisión humorística sobre o camiño cara á meta de cadaquén e o que nel se perde e se gaña. Unha NAI de armas tomar saca a súa metralhadora verbal e fai saltar polos aires algúns dos piares da sociedade. A NAI viúva e a FILLA solteira reproducen dinámicas de dependencia, tiranía e submisión. Un ESCRITOR DRAMÁTICO novo, que vén de triunfar no teatro coa súa obra *Sálvese quen poida*, diríxese cara á meta das dúas espectadoras que orquestran esta comedia cáustica. Unha primeira parte na que se fan as maletas e unha segunda na que se desfán. Unhas personaxes que deixan saír os monstros que a meirande parte das persoas agochamos. O riso terrible do coñecemento.

Un espectáculo no que o discurso de Bernhard e a acción escénica se potencian coas linguaxes da danza, a instalación, a performance, o clown, a acrobacia e outros recursos que enriquecen a plasticidade e afían o significado da obra.

TRAXECTORIA COMPAÑÍA

ÓNFALO TEATRO S.L. (Lugo, 2009)

NEURAS de M.X. Queizán é o espectáculo inaugural (Cangas, 18/11/09). Acadou un gran éxito nos teatros polos que pasou. Comedia para escachar de risa, sobre as "neuras" da sociedade contemporánea e urbana. Un espectáculo que xoga a darlles a volta ós estereotipos e ás novas formas de identidade que xorden coas modas, cunha linguaxe visual atrevida, con números musicais, de maxia e de cabaré.

O segundo espectáculo é **NA META (Sálvese quen poida)**, comedia de humor negro sobre o éxito e o fracaso. Estrea en Galicia de Thomas Bernhard, en coprodución coa MIT RIBADAVIA (17/07/10). Mestura de danza contemporánea, teatro de texto, clown, performance e números de maxia, nun contexto escenográfico que apunta cara á instalación e as artes plásticas.

Actualmente **ÓNFALO** ofrece 2 espectáculos, sorprendentes tanto na súa posta en escena como nos seus contidos. Unha comedia rosa e delirante: **NEURAS** e unha comedia negra e corrosiva: **NA META (Sálvese quen poida)**.